

*Iago López Núñez*

*Qué fácil sería amar descalzos*

Caen,

caen as flores, esvaécense,

caen as follas, esvaécense,

caen as promesas, esvaécense,

e eu temo vivir, liquidamente,

sen chorar cada mañá,

sen vivir cada momento,

sen alcanzar cada cume.

Temo vivir, fugazmente,

sen recordar cada verso,

sen coñecer cada arte,

sen sentir cada silencio.

E caen,

caen as lembranzas, esvaécense,

caen os medos, esvaécense,

caen as dores, esvaécense.

E habito este corpo, pero derrámome.

Xa non sei, se escribo os versos,

e os sentenzo o papel,

ou senténciame os versos

a escribir no papel.